

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN INGADA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROCESOS ASISTENCIAIS QUE MELLOREN A ASISTENCIA SANITARIA A PERSOAS CON TRASTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDADE (TDAH) E PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DOS/DAS PROFESIONAIS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE NO ÁMBITO DESTE TRASTORNO.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, Don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E doutra, D^a. María Elvira Ferrer Vázquez, con DNI 32. 652. 264 S, representante legal da Fundación Ingada, inscrita no rexistro de Fundacións de Interese Galego, con domicilio social na rúa Federico García, 2, baixo, A Coruña, con plena capacidade para asinar o presente acordo de colaboración, en virtude do establecido nos seus Estatutos fundacionais.

As partes recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal suficiente para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

MANIFESTAN

1. Que segundo o Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a través da Subdirección Xeral de Atención Primaria, é a responsable da definición, implantación e coordinación do Plan de saúde mental, programas e actividades en relación coa saúde mental así como o establecemento e seguimento dos obxectivos e indicadores no ámbito da saúde mental, necesarios para conseguir a total integración asistencial e a efectiva continuidade de coidados, así como a avaliación destes.

2. Que o plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19 período 2020-2024, no seu eixe 4: *Saúde mental na infancia e adolescencia* ten entre os seus obxectivos a prevención e identificación dos trastornos mentais do/da neno/a e do/da adolescente así como o favorecemento da accesibilidade aos equipos de Saúde Mental Infanto-xuvenil.

3. Que o Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH) é un trastorno de orixe neurobiolóxico de inicio na idade infantil, con síntomas que poden perdurar ata a idade adulta e que representa un dos motivos máis frecuentes de consulta nas unidades de saúde mental infanto-xuvenil debido ás enormes consecuencias en distintos aspectos da vida do/da paciente.

4. Que as etapas evolutivas, dende o nacemento ata a adolescencia e a idade adulta, teñen especificidades que requiren intervencións e estratexias diferenciadas e propias de cada etapa. Isto debe reflectirse na práctica clínica e na formación do equipo de Saúde Mental que atenda aos nenos, nenas e adolescentes e adultos. Así mesmo, cobra vital importancia a necesidade de traballar de modo interdisciplinar cos/coas distintos/as profesionais dos distintos eidos da vida dos/das menores de xeito transversal e lonxitudinal.

5. Que a Fundación Ingada ten por obxecto dar asistencia integral a persoas afectadas por TDAH e trastornos asociados en Galicia mediante a formación a profesionais da saúde, a investigación, a organización de congresos e xornadas formativas, o asesoramento individual ás persoas afectadas que o soliciten, o desenvolvemento de actividades preventivas de riscos potenciais para a saúde e a difusión do coñecemento do TDAH en medios de comunicación.

De conformidade co anteriormente exposto, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Ingada consideran de particular importancia o establecemento de accións conxuntas que promovan o desenvolvemento de procesos asistenciais e actividades de formación dos/das profesionais do Servizo Galego de Saúde, que melloren a asistencia sanitaria ás persoas cun trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).

Por todo isto, formalizan este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a realización de actividades formativas dirixidas aos/ás profesionais do Servizo Galego de Saúde así como establecer a cooperación entre a Fundación Ingada e o Servizo Galego de Saúde no desenvolvemento de procesos asistenciais que melloren a asistencia sanitaria a persoas con TDAH.

Segunda. Obrigas das partes

O Servizo Galego de Saúde comprométese a:

- Coordinar as accións necesarias para a elaboración da ruta asistencial en TDAH.

- Fomentar a formación continuada dos seus profesionais nas especificidades da intervención terapéutica neste colectivo.
- Fomentar a investigación e o coñecemento orientados a mellorar a calidade de vida destas persoas e as súas familias.
- Coordinar accións encamiñadas a mellora dos procesos asistenciais e na procura da continuidade asistencial e a asistencia integral.
- Incluír a visión das persoas afectadas por TDAH na toma de decisións e na definición dos programas preventivo terapéuticos.
- Participar das accións que os diferentes departamentos involucrados na educación e incorporación sociolaboral deste colectivo.

A Fundación Ingada comprométese a:

- Organizar sesións participativas para pacientes de TDAH e para as súas familias na que poidan achegar as súas experiencias.
- Participar nas sesións organizadas polo Servizo Galego de Saúde para profesionais da saúde que colaboren na elaboración da ruta asistencial do TDAH.
- Poñer a disposición do Servizo Galego de Saúde un programa formativo para profesionais sanitarios
- Poñer a disposición dos pacientes de TDAH e mais os seus familiares cursos sobre TDAH e as diferentes guías editadas pola fundación.
- Realizar a difusión do curso alonxando na web da “Escola Galega de Saúde para cidadáns”.
- Continuar cos procesos formativos a docentes de Galicia baixo o título “TDAH no ámbito educativo”.
- Fomentar a participación dos profesionais do Servizo Galego de Saúde nas actividades formativas e divulgativas organizadas pola entidade.
- Participar de proxectos de investigación orientados a coñecer o impacto que o TDAH ten na sociedade galega.

Terceira. Financiamento

Este convenio non supón obrigas ou compromisos de carácter económico entre as partes asinantes e, en consecuencia, non precisa consignación orzamentaria.

Cuarta. Protección de datos de carácter persoal

De conformidade co artigo 7 da Lei 41/2002, de 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica, toda persoa en dereito a que se respecte o carácter confidencial dos datos referentes a súa saúde, e a

que ningún poida acceder a eles sen previa autorización amparada pola Lei. Os centros sanitarios adoptarán as medidas oportunas para garantir os dereitos a que se refire o apartado anterior, e elaborarán, cando proceda, as normas e os procedementos protocolizados que garantan o acceso legal aos datos dos pacientes.

Así mesmo, o artigo 16.3 da citada Lei 41/2002, do 14 de novembro, o acceso á historia clínica con fines xudiciais, epidemiolóxicos, de saúde pública, de investigación ou de docencia, réxese polo disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, e na Lei 14/1986, de 25 de abril, xeral de sanidade, y demais normas de aplicación en cada caso. O acceso á historia clínica con estes fins obriga a preservar os datos de identificación persoal do paciente, separados dos de carácter clínicoasistencial, de maneira que, como regra xeral, quede asegurado o anonimato, agás que o propio paciente dese o seu consentimento para non separalos. Quedan exceptuados os supostos de investigación previstos no apartado 2 da Disposición adicional decimosegunda da Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

Nesta liña, no caso de que o desenvolvemento deste convenio esixa realizar actuacións que impliquen tratamento de datos de carácter persoal, o réxime de protección destes será o establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a la libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (RXPDP)

As partes asinantes empregarán ou aplicarán os datos de carácter persoal única e exclusivamente conforme ás finalidades e instrucións derivadas deste convenio, e non os comunicarán ou cederán a outras persoas, nin sequera para a súa conservación.

As partes asinantes están obrigadas a gardar o segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal que traten no cumprimento do convenio, obriga que subsistirá aínda cando remate a vixencia do mesmo.

Quinta. Dereitos sobre a información.

A propiedade intelectual dos datos será do Servizo Galego de Saúde. Non obstante, os nomes dos autores e as institucións ás que pertencen figurarán en todas as publicacións que xurdan no seo do presente convenio.

Unha vez rematada a vixencia do convenio, ámbalas dúas partes poderán seguir explotando a información obtida e realizando as publicacións científicas que estimen oportunas, para o cal o Servizo Galego de Saúde permitirá á Fundación Ingada o acceso aos datos facilitados para a elaboración do estudo.

En calquera caso, a Fundación Ingada poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do estudo en actividades propias da súa función investigadora.

Sexta. Inexistencia de relación laboral.

A subscripción deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da Fundación Ingada que realicen as actividades que

constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento

Sétima. Vixencia.

A vixencia deste convenio será dun ano, contado a partir do día seguinte ao da súa sinatura, podendo renovarse de mutuo acordo mediante a formalización do correspondente acordo de prórroga entre as partes, que deberá ser subscrito cunha anterioridade mínima de trinta días á data de vencemento do convenio.

Oitava. Comisión de seguimento.

Logo da sinatura, constituirase unha comisión mixta paritaria que asegure o bo fin e cumprimento do obxecto do convenio, e que resolva as controversias xurdidas a consecuencia da súa execución. Esta comisión estará composta por:

- Dous representantes do Servizo Galego de Saúde, un dos cales ostentará a presidencia.
- Dous representantes da Fundación Ingada.

A comisión terá tamén entre as súas facultades a emisión de informes e ditames relativos ao cumprimento ou non das obrigas asumidas por cada unha das partes asinantes.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas, a petición de calquera das partes, e terase por constituída se asiste como mínimo un dos representantes de cada entidade.

Novena. Causas de resolución.

Son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen se ter acordado a súa prórroga.
2. O acordo unánime de todos os asinantes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que satisfaga nun determinado prazo as obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á comisión de seguimento do convenio.
4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
5. Se se producisen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no convenio.
6. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista neste convenio ou nunha lei.

Décima. Natureza do convenio e xurisdición.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidera xurdir no desenvolvemento do presente convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do mesmo, e que non poidan ser dirimidas pola comisión

de seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo primeira. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas que interveñen para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Este convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo segunda. Publicidade

A publicitación da colaboración da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde limitarase ás actividades formativas e de cooperación no desenvolvemento dos procesos asistenciais que constitúen o obxecto deste convenio. Dita publicidade realizarase consonte á normativa de aplicación, nos medios web e aqueloutros nos que se informe sobre estas actividades, previa posta en coñecemento da comisión de seguimento do convenio.

Así mesmo, deberase incluír dita colaboración naquelas publicacións ou comunicacións científicas nas que se reflectan os resultados dos programas e actividades obxecto deste convenio, informando das mesmas á Consellería de Sanidade.

En proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente convenio por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería de Sanidade e
o Servizo Galego de Saúde

Pola Fundación Ingada

Julio García Comesaña

María Elvira Ferrer Vázquez

ANEXO I: PROGRAMA RUTA ASISTENCIAL TDAH

Obxectivos do proxecto:

Deseño da folla de ruta asistencial na patoloxía do TDAH, a través de 4 sesións interactivas con pacientes e persoal do sistema sanitario. Entender as necesidades do/da paciente para debuxar un mapa de empatía, e con estes insights deseñar os procesos da ruta asistencia segundo as súas grandes etapas:

(i) Sospeita diagnóstica e Diagnóstico

(ii) Prescrición e Tratamento

(iii) Seguimento e Monitorización.

Facilitación das sesións a cargo de:

Consultora Viventia S.L

Ubicación para sesións: On line, sincrónico, a través de ZOOM

Obradoiro 1

Obxectivo: Entender como valoran o modelo asistencial actual, que mellorarían e que aspectos cambiarían para un modelo máis eficiente

Metodoloxía:

Participantes: Doentes e familiares previo consentimento informado.

Parte 1: Preguntas abertas aos participantes para unha primeira valoración del modelo asistencial.

Preguntas tipo:

- Como senten que é o tratamento cos profesionais e centros cos que interactúan?
- Que problemas e dificultades se atopan no día a día da súa enfermidade?
- Con que barreiras teñen que enfrontarse?

Durante a sesión a persoa consultora debuxará o Mapa de Empatía a través das respostas, mediante unha ferramenta dixital (Mural) para, de forma rápida e visual, ver os aspectos máis positivos e non tan positivos da su visión do modelo asistencial actual e ir prevendo accións para a súa mellora

Parte 2: Traballo sobre o *Patient Journey*, un mapa que abarca 3 etapas:

- **Prevención e Diagnóstico**
- **Prescripción e Tratamento**
- **Seguimento e Monitorización**

Para cada etapa irase debuxando no mapa de Empatía as experiencias positivas e negativas.

Ao final do exercicio, verase cal é a visión e valoración ao longo da ruta asistencial

Obradoiro 2:

Obxectivo: Elaboración do fluxo detallado do proceso asistencial nunha primeira etapa de **Sospeita diagnóstica e Diagnóstico**, traballando con persoal do sistema sanitario e mais con persoas de Takeda.

Metodoloxía:

Participantes: Profesionais do servizo galego de saúde, consellería de educación.

Presentación da información recollida no obradoiro 1 con pacientes para unha primeira valoración por parte do persoal sanitario: Que opinión teñen? Que información lles parece máis interesante? Hai algún aspecto que os sorprenda?

Ter en conta as áreas principais para debuxar o mapa (xefes de servizo pediátrico, neurolóxico, persoal de enfermería...), cos seus procesos, protocolos, probas a realizar e criterios de derivación.

Nunha primeira parte debuxarase con detalle o fluxo de procesos mediante a ferramenta online “Mural” , para continuar cunha reflexión en profundidade sobre as actividades detalladas de cada etapa do proceso.

- Que melloras observamos?
- Como valoraban esta etapa os pacientes?
- Que precisamos para ser máis eficientes?
- Quen ou quen son os responsables das melloras propostas?
- Como se van levar a cabo? Cando e con que frecuencia?

Deste xeito estarán recollidas no mapa todas as accións a levar a cabo para unha mellora nesta etapa de **Sospeita e Diagnóstico**.

Obradoiro 3:

Obxectivo: elaboración do fluxo detallado do proceso asistencial nunha segunda etapa de Prescrición e **Tratamento**, traballando co mesmo persoal do sistema sanitario da anterior sesión

Metodoloxía:

Presentación da información recollida no obradoiro 2

Ter en conta as áreas principais para debuxar o mapa (xefes de servizo pediátrico, neurolóxico, persoal de enfermería...), cos seus procesos, protocolos, probas a realizar e criterios de derivación.

Nunha primeira parte debuxarase con detalle o fluxo de procesos mediante a ferramenta online “Mural” , para continuar cunha reflexión en profundidade sobre as actividades detalladas de cada etapa do proceso.

- Que melloras observamos?
- Como valoraban esta etapa os pacientes?
- Que precisamos para ser máis eficientes?
- Quen ou quen son os responsables das melloras propostas?
- Como se van levar a cabo? Cando e con que frecuencia?

Deste xeito estarán recollidas no mapa todas as accións a levar a cabo para unha mellora nesta etapa de Prescrición e **Tratamento**.

Obradoiro 4:

Obxectivo:

Elaboración do fluxo detallado do proceso asistencial nunha segunda etapa de **Seguimento e Monitorización**, traballando co mesmo persoal do sistema sanitario da anterior sesión

Metodoloxía:

Presentación da información recollida no obradoiro 3

Ter en conta as áreas principais para debuxar o mapa (xefes de servizo pediátrico, neurolóxico, persoal de enfermería...), cos seus procesos, protocolos, probas a realizar e criterios de derivación.

Nunha primeira parte debuxarase con detalle o fluxo de procesos mediante a ferramenta online “Mural” , para continuar cunha reflexión en profundidade sobre as actividades detalladas de cada etapa do proceso.

- Que melloras observamos?
- Como valoraban esta etapa os pacientes?
- Que precisamos para ser máis eficientes?
- Quen ou quen son os responsables das melloras propostas?
- Como se van levar a cabo? Cando e con que frecuencia?

Deste xeito estarán recollidas no mapa todas as accións a levar a cabo para unha mellora nesta etapa de **Seguimento e Monitorización**.

ANEXO II: FOLLA DE INFORMACIÓN ÁS PERSOAS PARTICIPANTES

TÍTULO DO PROXECTO: Ruta asistencial en TDAH

INVESTIGADORA: María Tajés Alonso

CENTRO: Dirección de Asistencia sanitaria. Servicio Galego de Saúde,

Este documento ten por obxecto ofrecerche información sobre un proxecto de elaboración dunha ruta asistencial no que se che convida a participar. Este estudo está coordinado polo Servizo Galego de Saúde en colaboración coa Fundación Ingada, en virtude dun convenio de colaboración suscrito co fin de alcanzar melloras na atención ás Persoas con Trastorno por Déficit de atención e hiperactividade.

Se decides participar, debes recibir información dos colaboradores designados pola Fundación Ingada, ler antes este documento e facer todas as preguntas que necesites para comprender todos os detalles sobre o mesmo. Podes levar o documento, consultalo con outras persoas, e tomar o tempo necesario para decidir se participas ou non.

A participación é completamente voluntaria. Podes decidir non participar ou, se aceptas facelo, cambiar de opinión e deixar de participar en calquera momento sen dar explicacións. Asegurámosche que esta decisión non vai afectar á relación cos profesionais que che están tratando nin á asistencia sanitaria á que tes dereito.

- Cal é o propósito do proxecto?

O obxectivo deste proxecto é coñecer a túa visión sobre o TDAH na infancia e a adolescencia e os diferentes tratamentos. Esta información é moi importante para a mellora dos coidados e os servizos e vaise a incluír na definición da ruta asistencial en TDAH do Servizo Galego de Saúde.

A través destas sesións poderemos entender mellor as necesidades do paciente para debuxar un mapa de empatía, e con estes insights deseñaremos os procesos da ruta asistencial segundo as súas grandes etapas: (i) sospeita diagnóstica e Diagnóstico, (ii) Prescrición e Tratamento e (iii) Seguimento e Monitorización

Estás invitado a participar porque tes TDAH ou porque es familiar/titor de unha persoa con TDAH.

- En que consiste a miña participación?

Créanse dous grupos de participantes: un con persoas que están directamente afectadas polo TDAH, e outro de familiares/titores.

A sesión levarase a cabo nas instalacións da Fundación Ingada, de forma presencial, e baixo protocolos de prevención de transmisión da COVID 19. No caso de que exista algunha limitación para que leve a cabo de forma presencial valorarase a realización telemática. Cada sesión terá unha hora de duración.

Yolanda Atienza, Co-Fundadora da consultoría D'Alma Business Partners, colaboradora habitual da consultoría Viventia, con gran experiencia na facilitación de sesións no ámbito sanitario. Traballou con Centros de Atención Primaria de diferentes ICS da área de Barcelona (Adriá, A Mariña,

Numancia, O Carmel, Meridiana, Sant Boi), ademais do equipo de Xerencia de ICS e co sistema do SERGAS. E un longo percorrido con empresas multinacionais como son Novartis, Chiesi, AstraZeneca entre outras sectores. Iniciaremos a sesión presentando preguntas abertas aos participantes para unha primeira valoración do modelo asistencial. Preguntas tipo: Como senten que é o tratamento cos profesionais e centros cos que interactúan? Que problemas e dificultades atópanse no día a día da súa enfermidade? Con que barreiras teñen que lidar?

Recolleremos as súas respostas e valoracións para debuxar un Mapa de Empatía a través dunha ferramenta dixital chamada “Mural”. O consultor será a persoa que vaia debuxando este mapa durante a sesión a medida que ordena a información dos participantes. Desta maneira, de forma rápida e visual, poderemos ver os aspectos máis positivos e os non tan positivos da súa visión do modelo asistencial actual, e empezaranos a dar pistas sobre accións a futuro para a súa mellora. As sesións serán videofilmadas. O contido das mesmas e das opinións dos participantes tratarase de forma anónima.

Participarás na sesión xunto con outras persoas afectadas por TDAH, ou con outros familiares ou persoas próximas de pacientes con TDAH, segundo o grupo de participación.

- Que molestias ou inconvenientes ten a miña participación?

A túa participación non implica ningunha molestia, agás o tempo que poida levar a túa participación, desprazamento, etc.

- Obterei algún beneficio por participar?

Non se espera que obteñas beneficio directo por participar no proxecto. Este pretende descubrir aspectos descoñecidos ou pouco claros sobre o TDAH, como se está tratando, favorecer a continuidade asistencial e incorporar a visión e necesidades sentidas por pacientes e familiares á práctica asistencial. Esta información poderá ser de utilidade nun futuro para outras persoas

- Recibirei a información que se obteña do estudo?

Remitirase a información completa a todos os participantes que serán convidados a participar na presentación do informe de resultados.

- Publicaranse os resultados deste estudo?

Os resultados deste estudo serán publicados dentro do catalogo de publicacións do servizo galego de saúde. Non se poderá identificar nesta publicación datos de carácter persoal dos participantes, mostrándose a información agregada de xeito que non se poida recoñecer ás persoas que participaron no proxecto.

- Como se vai protexer a confidencialidade dos meus datos?

Os tratamentos de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (RGPD); e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e a normativa complementaria

Soamente o equipo coordinador, e as autoridades sanitarias, que teñen deber de gardar a confidencialidade, terán acceso a todos os datos recolleitos polo estudo.

Os seus datos serán recollidos e conservados ata terminar o estudo de modo:

- Anonimizado.

- Que vai ocorrer coas gravacións das sesións?

Realizarase unha transcripción das gravacións. Nestas transcripcións os datos serán anonimizados.

O responsable da custodia das gravacións será o Servizo Galego de Saúde, e serán almacenadas na Subdirección Xeral de Atención Primaria durante o tempo necesario para terminar o proxecto, que será de tres meses.

Ao terminar o estudo, as gravacións serán destruídas.

- Existen intereses económicos neste estudo?

Esta investigación é promovida polo Servizo galego de saúde con fondos achegados por TAKEDA Pharmaceuticals en virtude dun acordo marco de colaboración subscrito co Servizo Galego de Saúde.

Os coordinadores e participantes non recibirá retribución específica pola dedicación ao estudo. Ti tampouco serás retribuído por participar.

- Como contactar co equipo investigador deste estudo?

Vostede pode contactar con María Tajés Alonso no teléfono 881 542895 ou no enderezo electrónico saudemental.drogodependencias@sergas.es

Moitas grazas pola súa colaboración

DOCUMENTO DE CONSENTIMIENTO PARA A PARTICIPACIÓN NUN PROXECTO DE RECOLLIDA DE OPINIÓN PARA PROGRAMA ASISTENCIAL

TÍTULO do *proxecto: Ruta asistencial en TDAH*

Eu,.....

Linlle a folla de información ao participante do proxecto arriba mencionado que se me entregou, puiden conversar con: e facer todas as preguntas sobre o PROXECTO

Comprendo que a miña participación é voluntaria, e que me podo retirar cando queira, sen ter que dar explicacións e sen que isto repercuta nos meus coidados médicos.

Accedo a que se utilicen os meus datos nas condicións detalladas na folla de información ao participante

Presto libremente a miña conformidade para participar neste proxecto

Asdo.: O/a participante

Asdo.: O/a coordinador/ora que solicita o consentimento

Nome e Apelidos:

Nome e Apelidos:

Data:

Data: